

A túa voda no Concello de Pontevedra

Que é?

A modificación do Código Civil pola Lei 35/1994 concede a posibilidade de contraer matrimonio civil diante do Alcalde ou concelleiro ou concelleira en quen delegue, conforme ás ausencias do Alcalde.

Que documentos hai que achegar?

Para a celebración do matrimonio civil no Concello de Pontevedra non hai que estar empadroado no concello, pero é necesario:

1. Tramitar a solicitude no Rexistro Civil do concello onde se atopen empadroados, encargado de autorizar ao noso Concello para a celebración da voda. O Rexistro Civil de Pontevedra expedirá o documento denominado “Relación de datos de matrimonio civil”.

Enderezo do Rexistro Civil de Pontevedra:
Rúa Francisco Tomás y Valiente, s/n; 36004 Pontevedra
Tel.: 986 805 767

2. Presentar no Rexistro Xeral do Concello a seguinte documentación:
 - Solicitude de casamento.
 - Documento acreditativo do pago da taxa correspondente (81,73 €).
 - Fotocopia do DNI dos contraentes.
 - Fotocopia do DNI de dúas testemuñas maiores de idade que deberán estar presentes na cerimonia.
 - “Relación de datos de matrimonio civil” expedida polo Rexistro Civil de Pontevedra.

Data

Pódese elixir día e hora chamando ao teléfono 986 804 303 ou ben acudindo ao Gabinete de Alcaldía do Concello en horario laboral durante a semana, agás os venres. A data reservarse durante tres semanas, se neste prazo non se presentase a solicitude a reserva quedará sen efecto.

A documentación necesaria deberá presentarse polo menos 10 días antes da voda.

Horario

As cerimonias de matrimonio civil no Concello de Pontevedra teñen unha duración aproximada de 15 a 20 minutos e realízanse no salón vermello do Pazo de Mugartegui os venres pola tarde e os sábados. Con carácter excepcional, as vodas que se celebren durante a semana faranse na Alcaldía ou na sala de comisións do Concello, na rúa Michelena, 30.

Podes casar:

- Calquera día laborable de 8.00 a 14.30 horas
- Os venres pola tarde de 18.00 a 20.00 horas
- O sábados de 11.30 a 14.00 horas e de 18:00 a 20.00 horas.
- Non se celebrarán vodas nin os domingos nin os festivos.

Organización

Para unha mellor organización da cerimonia deberase chamar ao teléfono 986 804 303, unha semana antes da voda, para indicar:

- Número aproximado de asistentes á cerimonia.
- Música: poderán contratar pola súa conta música en directo, traer un equipo de música, etc.
- Adornos florais: poderán adornar persoalmente ou a través dunha floraría. Os adornos colocaranse 30 minutos antes do comezo da cerimonia e retiraranse ao finalizar a cerimonia civil. De haber outra voda antes o tempo para adornar reducirase a 15 minutos.
- Aneis: non son obrigatorios pero débese indicar se os levan.
- Vehículos: durante o tempo da cerimonia poderán aparcar ata dous vehículos na praza da Pedreira, de haber algún asistente con problemas de mobilidade poderán ser tres. Informarase coa antelación dunha semana á Policía Local da matrícula daqueles.

Fotografías do Pazo de Mugartegui

[enlace](#)

Para máis información

Servizo de Protocolo
T. 986 804 303

[Contacto aquí](#)